

## **A XESTIÓN DO PSOE PON EN RISCO A ESTABILIDADE ECONÓMICA DO CONCELLO DE CUNTIS, SEGUNDO OS INFORMES TÉCNICOS MUNICIPAIS**

- *O Goberno Local aprobou unha Conta Xeral do ano 2019 que incumpre a regra fiscal de estabilidade orzamentaria (déficit de 793.543,10 €); a Regra de Gasto (por importe de 121.283,60 €); presenta un Remanente de Tesourería negativo (-563.312,95 €); presenta un aforro neto negativo e un incumprimento do Período medio de pago, segundo consta nos Informes de Intervención do propio expediente económico.*
- *Veciñanza alerta de que a xestión económica do PSOE presenta unhas moi notables carencias e levan ao Concello de Cuntis cara a escenarios moi preocupantes, como podería ser o de ter que implementar un Plan de Axuste que podería supoñer a tutela por parte do Ministerio de Hacienda.*

Cuntis, 3 de decembro de 2020

---

Cuntis aprobou a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019 no pleno da semana pasada unicamente cos votos do PSOE. A Conta Xeral é o documento que reflicte a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiro patrimonial e orzamentario. Tal e como recordou o voceiro Municipal de Veciñanza, Santi Martínez, na sesión plenaria, “*o propio informe da Intervención Municipal que fai parte do expediente sinala no seu punto 3G: Incumprimento da regra fiscal de estabilidade orzamentaria, presentando un déficit de 793.543,10 €; a Regra do Gasto por importe de 121.283,60 €, representando un incremento do gasto computable do 6,73%; presenta un Remanente de Tesourería negativo por importe de 563.312,95 €; presenta un aforro neto negativo e un incumprimento do Período medio de pago*”. Este último incumprimento xa motivou un requerimento para a adopción de medidas por parte da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

A aprobación desta liquidación, malia as gravísimas deficiencias que presenta en materia de xestión, vén a darlle **continuidade aos datos alarmantes que presentaba a Conta Xeral anterior, a de 2018** que foi aprobada o pasado mes de maio (fóra de prazo). Os informes da Intervención Municipal, que se poden consultar na web de Veciñanza, están a indicar que **a xestión económica do PSOE presenta unhas moi notables carencias e levan ao Concello de Cuntis cara a escenarios moi preocupantes**, como pode ser o de ter que implementar un Plan de Axuste que podería significar a tutela por parte do Ministerio de Hacienda. Tal e como expuxo no pleno do pasado día 26 Santi Martínez, “*o problema económico do concello de Cuntis é estrutural e agrávase coa xestión económica que o*





*PSOE vén mantendo nos últimos cinco anos. As dificultades son estruturais e non hai unha única causa que explique esta situación. Os sucesivos gobernos anteriores excederon o gasto sen axustar os ingresos, mantendo ordenanzas fiscais obsoletas ou contratos de servizos continuados sen renovar. Existe un problema estrutural de ingresos, este goberno ou non quere ou é incapaz de acometer unha reforma das ordenanzas fiscais que en 2015 si que consideraba necesaria e que agora faise imprescindible”.*

O Alcalde afirmou no pleno do pasado xoves que nas primeiras semanas de decembro sería presentado o proxecto de Orzamento Municipal para o ano 2021. Veciñanza **agarda que o documento introduza as correccións pertinentes e que o PSOE mude o rumbo da súa xestión económica, porque de non ser así a acumulación de déficit pode poñer en graves problemas a estabilidade financeira de Cuntis**. Esta nefasta xestión económica vese agravada por un descontrol no gasto publicitario que sitúa a Cuntis en cantidades absolutamente desproporcionadas.

